

OS SOCIALISTAS DE RIBADEO CRITICAN AS POLÍTICAS DO GOBERNO LOCAL DO BNG E DO PP NOS ÁMBITOS DA SANIDADE E DOS SERVIZOS SOCIAIS

O candidato número catro na lista do PSdeG-PSOE ribadense, Camilo Vázquez Corveiras, denuncia que “recentemente acaba de amortizarse unha praza de médico no centro de saúde de Ribadeo, co beneplácito do goberno local do BNG, que non fixo nada para remedialo”

O número catro da candidatura comentou, ademais, que “en materia de servizos sociais, temos que referirnos á denuncia que fixo o noso partido porque había sete prazas valeiras no asilo municipal; e a raíz da nosa crítica cubríronse aos dous días. Isto repercutiu positivamente porque tamén houbo que aumentar a dotación de persoal; sabemos que empezou a traballar xente nova no asilo”

Ribadeo, 22 de maio de 2015.- Os socialistas de Ribadeo critican as políticas do goberno local do BNG, e tamén as do PP, nos ámbitos da sanidade e dos servizos sociais.

O candidato número catro na lista do PSdeG-PSOE ribadense, Camilo Vázquez Corveiras, denuncia que “recentemente acaba de amortizarse unha praza de médico no centro de saúde de Ribadeo, co beneplácito do goberno local do BNG, que non fixo nada para remedialo. Cada vez somos máis habitantes e, polo que se ve, fannos falta menos médicos. Ademais non se están a cubrir as vacacións de médicos nin tampouco as do pediatra, polo que coa cantidade de nenos pequenos que temos en Ribadeo ese traballo recae sobre os médicos de familia. Ademais cada vez contamos con menos recursos no Hospital da Costa. Agora creouse por orden da Xunta de Galicia, do PP, unha xerencia única en Lugo, que xestiona os hospitais de Monforte e de Burela, e polo visto cada vez vamos ter menos recursos no da costa. Remataremos todos tendo que ir a Lugo para dar solución aos problemas de saúde”.

Camilo Vázquez engadiu que “tamén nos parece importante o desaproveitamento e a falta de compromiso por parte do Concello de Ribadeo, que dispoñendo dun aparato de vital importancia á hora de reverter unha parada cardíaca, que é un desfibrilador, dos doce meses do ano só se está a utilizar tres na praia das Catedrais e os outros nove meses está gardado nunha oficina na praza de abastos. Isto parécenos intolerable”.

Mellora dos servizos sociais

O número catro da candidatura comentou, ademais, que “en materia de servizos sociais, temos que referirnos á denuncia que fixo o noso partido porque había sete prazas valeiras no asilo municipal; e a raíz da nosa crítica cubríronse aos dous días.



Isto repercutiu positivamente porque tamén houbo que aumentar a dotación de persoal; sabemos que empezou a traballar xente nova no asilo”.

“E en canto á famosa residencia de maiores que está en construción, o noso alcalde do BNG négase a facer un informe de viabilidade para que a Xunta aporte os 500.000 euros que faltan. Tamén nos gustaría saber quen vai pagar a dotación do centro, se todo ese material que hai que meter dentro vai saír do peto dos contribuíntes de Ribadeo. E tamén é importante saber canto lle custaría ás arcas do Concello manter a residencia durante todo o ano. Temos claro que hai un boicot por parte do PP e do goberno da Xunta contra o BNG e parécenos intolerable que sexan incapaces de poñerse de acordo dúas formacións políticas, porque ao final a quen están facendo dano é aos ribadenses”, concluíu Vázquez.

